

# **DECLARACIÓN DE ENCONTRO ENTRE OS POBOS DO COUTO MIXTO (GALICIA) E OS POBOS PROMÍSCUOS (PORTUGAL)**

A Asociación de Amigos do Couto Mixto, os representantes das Xuntas de Freguesía de Soutelinho, Cambedo e Lamas de Arcos, e os pedáneos das parroquias de Santiago, Rubiás e Meaus, xunto cos representantes das Cámaras de Montalegre e Chaves, e dos concellos de Calvos de Randín e Baltar, reunidos en Rubiás dos Mixtos o día 23 de xuño de 2001.

## **ACORDAN**

**1.- CONSIDERANDO** o feito singular histórico destas dúas zonas de fronteira entre Galicia e Portugal de xeito que:

- 1.1.O Couto Mixto foi ata o ano do tratado de Lisboa de 1864 un territorio autónomo onde cada veciño elixía libremente a nacionalidade española ou portuguesa.
- 1.2.O Couto Mixto estaba constituído polos lugares actuais de Santiago, Rubiás e Meaus.
- 1.3. Que os pobos Promíscuos ata o ano do tratado de Lisboa de 1864 situábanse na mesma raia de xeito que unha parte daquelas comunidades veciñais pertencía a España e a outra a Portugal.
- 1.4. Que os pobos Promíscuos eran os actuais lugares de Soutelinho, Cambedo e Lamas de Arcos.

**2.-CONSIDERANDO** que esta realidade social e histórica quedou confirmada e debidamente analizada segundo estudos e publicacións que está a levar a cabo a Asociación de Amigos do Couto Mixto.

**3.- CONSIDERANDO** que dende sempre existiron fondas e cordiais relacións nesta área da raia seca entre os pobos galegos e portugueses de xeito que áinda hoxe son frecuentes

3.1. Os intercambios comerciais.

3.2. Os intercambios culturais.

3.3. Os lazos familiares.

**4.- CONSIDERANDO** que esta grande área transfronteiriza estivo de moi antigo sometida a situacións de marxinalidade e perifismo, nunha zona intensamente castigada polo esquecemento oficial, a emigración, e o abandono do rural.

**5.- CONSIDERANDO** que as novas políticas rexionais da Unión europea pretenden fomenta-la cohesión e a solidariedade entre os pobos co fin de aproveitar ó máximo as sinerxias, estimulando a elaboración, o entendemento, e o coñecemento e difusión dos valores culturais e aptrimoniais ó longo das fronteiras nesta Europa das rexións, declaran que promoverán iniciativas que potencien:

5.1. A estima polas nosas linguas, o noso territorio, a nosa historia e o noso patrimonio.

5.2. O intercambio de información entre as dúas áreas.

5.3. Un mellor e maior coñecemento dos valores culturais de calquera tipo entre as dúas comunidades.

5.4. Publicacións de interese sociocultural sobre a súa historia, etnografía, valores naturais.

5.5. Actividades de tempo libre para o seu uso socio-recreativo como o turismo rural ou o ecoturismo.

**6.- CONSIDERANDO** que outros organismos como o Eixo Atlántico, a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, ou os Grupos de acción Local da iniciativa Leader, están a impulsar con

decisión programas, proxectos, e accións de todo tipo nestas áreas transfronteirizas a través dos fondos estructurais da Unión europea,

## DECLARAMOS

A necesidade de procurar

O apoio destes axentes ou doutros similares no ámbito transfronteirizo para as fins que se pretenden.

A achega de fondos comunitarios a través de iniciativas sociais ou culturais que axuden á posta en valor dos recursos endóxenos destes territorios.

A difusión e unha maior percepción das oportunidades, reto, e desafíos, das novas políticas da Unión Europea coma a Axenda 2000 e a reforma da PAC.

